



A devandita modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada, se durante o período indicado non se presentan reclamacións, de conformidade co artigo 177 en relación co 169 da Lei e 38 puntos 1 e 2 en relación co 20.1 do R.D.

No caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas, contado a partires do seguinte á finalización da exposición ó público.

As reclamacións consideraránse denegadas, en calquera caso, se non se resolven no acto de aprobación definitiva.

O Porriño, a 16 de outubro de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2012009950

## E D I C T O

### *ANUNCIO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO PARA RECLAMACIÓN DA APROBACIÓN PROVISIONAL DO ORZAMENTO XERAL.*

En sesión celebrada o día 15 de outubro de 2012 o Pleno desta Entidade aprobou inicialmente o Orzamento xeral da mesma para o exercicio 2012.

O Orzamento Xeral e os documentos que o conforman estarán expostos ó público, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, no Servizo de Intervención polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no B.O.P., prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, nos termos establecidos nos artigos 170 do Texto Refundido e 22 do Real Decreto citados.

O Orzamento considerárase definitivamente aprobado se, durante o indicado período, non se presentan reclamacións, de conformidade co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co 20.1 do Real Decreto 500/1990.

No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas, contado a partires do seguinte á finalización da exposición ó público.

As reclamacións consideraránse denegadas, en calquera caso, se non se resolven no acto de aprobación definitiva.

O Porriño, a 16 de outubro de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2012009951

\* \* \*

## **REDONDELA**

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DE COMEDOR ESCOLAR CURSO 2012-2013 DO CONCELLO DE REDONDELA**

#### *LEXISLACIÓN APLICABLE*

A Constitución Española, no seu artigo 39, fai constar a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, por outra banda nos artigos 41, 139.1 e 149.1.1 se recolle a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de tódalas persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan o impiden a participación plena de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución Española establece que "os poderes públicos... aseguran a protección social, económica e xurídica da familia", así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.

A Constitución atribúe a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas, que no marco dos seus estatuto teñen promulgado as Leis de Servizos Sociais. (En Galicia Lei 4/1993, do 14 de abril e Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia).

A Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

A Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia no artigo 60 atribúelle aos concellos, entre outras competencias, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos dos servizos sociais comunitarios básicos. No título II da presente Lei define o catálogo de servizos sociais e regula as intervencións, os programas, os servizos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais. O Decreto 99/2012 do 16 de marzo regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial os nenos e as nenas e os e as adolescentes, dispensándolles especial atención ás familias con dificultades e máis a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, implementando actuacións de apoio á familia e de prevención de situacións de desprotección e conflito social.

Por todo isto publícase polo Concello de Redondela as Bases da Convocatoria de Axudas para o Servizo de Comedor Escolar, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### *ARTIGO 1.—CONCEPTO E FINALIDADE*

As axudas de Comedor Escolar son prestacións de carácter económico destinadas a menores escolarizados en Centros Públicos situados no municipio de Redondela que cursen o 2º ciclo de Educación Infantil ou Educación Primaria para axudarlles a sufragar o custe que afrontan polo uso do comedor. Destinaranse 8.000 euros para o primeiro trimestre do curso 2012-2013 .

Con estas axudas preténdese garantir a escolarización, compensar potenciais carencias de tipo familiar ou económico, promover a conciliación da vida familiar e laboral, evitar situacións de risco, asegurar unha nutrición axeitada e facilitar o rendemento escolar, subvencionando ás familias para que poidan compatibilizar as súas responsabilidades familiares, sociais e laborais, pretendendo facilitar a conciliación da vida laboral de pais, nais e titores legais que, por situación de traballo ou por desenvolver unha formación e promoción laboral cuxo obxectivo sexa a búsqueda e o acceso ao emprego, non poidan dar o xantar no seu domicilio aos seus fillos. Búscase ademais facilitar a conciliación cando os pais ou titores teñan a dobre condición, durante os períodos de comida, de coidador de persoas adultas ou maiores dependentes á vez que, a menores ou no caso de familias con déficit de capacidades parentales e recursos económicos, ante o que a asistencia ao comedor escolar sexa un recurso preventivo e de protección para o menor.

O sistema de acceso a estas axudas estará supeditado ás prazas dispoñibles de cada centro escolar. O outorgamento destas subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva de acordo cos criterios recollidos nestas bases.

#### *ARTIGO 2.—DEFINICIÓN DO PROGRAMA*

A percepción destas axudas é compatible coa doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente, público ou privado. En ningún caso o importe das subvencións poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total do servizo do comedor do usuario subvencionado.

A estes efectos, e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da Lei Xeral de Subvencións, unha das obrigas do beneficiario/a é comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

As axudas cubrirán o período dende o 1 de outubro do ano 2012 ao remate do curso escolar, 22 de xuño de 2013.

O financiamento destas subvencións contense no orzamento de gastos para o ano 2012 do Concello de Redondela na aplicación orzamentaria 2311A/48001 por importe de 24.000 €, 8.000 € por trimestre.

#### *ARTIGO 3.—COMPETENCIA E PUBLICIDADE*

A Coordinadora do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Redondela é o órgano competente para a ordenación e instrución do procedemento de concesión, e desenvolverá as actuacións precisas para a determinación, coñecemento e comprobación de todos os datos en virtude dos que se teña que dictar a resolución. Tamén será a encargada de requirir aos solicitantes a subsanación de deficiencias.

Ao abeiro do artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela, estas bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Redondela.

#### *ARTIGO 4.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES*

A convocatoria abrirase ao día seguinte da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O prazo de presentación será de 15 días naturais dende o seguinte á publicación da correspondente convocatoria no BOP.

As solicitudes xunto coa documentación esixida presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, segundo o modelo que se xunta (Anexo I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren nos seus servizos, así como a información adicional que se considere necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes estarán dirixidas á Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Muller e Ensino do Concello de Redondela e se trasladarán á Área de Servizos Sociais.

#### *ARTIGO 5.—BENEFICIARIOS*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as unidades familiares, empadroadas no concello de Redondela e con menores a cargo que estean utilizando os servizos de comedor escolar en centros públicos do municipio de Redondela.

Enténdese por unidade familiar a formada por pais/nais, titores ou representantes legais e fillos menores de 25 anos ou maiores con grao de discapacidade recoñecida superior ou igual ao 33%.

Nunha mesma unidade só un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, e poderán concederse tantas axudas como número de menores utilicen o servizo de comedor.

A subvención irá destinada ao alumnado que unha vez feita a avaliación ao abeiro do baremo aprobado coas presentes bases, acaden a puntuación necesaria para poder acceder a ditas axudas, dentro do orzamento existente.

No suposto que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a prioridade na concesión das bolsas virá dada pola puntuación obtida, relacionada de maior a menor ata esgotar o orzamento destinado a tal fin.

Terán a condición de beneficiario ou entidade colaboradora de acordo co art. 10.1 da Lei de Subvencións de Galicia as persoas ou entidades que se topan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras da convocatoria.

#### ARTIGO 6.—REQUISITOS

- Estar matriculado en Centros Educativos Públicos do municipio de Redondela.
- A unidade familiar deberá estar empadroada no municipio de Redondela e con residencia efectiva permanente no mesmo cunha antigüidade mínima de 1 ano inmediatamente anterior á data da Convocatoria. Este requisito non será preceptivo cando se valore favorablemente no informe social pola súa especial gravidade.
- Non ter sido beneficiario/a de axudas ao abeiro desta mesma convocatoria no decurso do mesmo exercicio económico ou doutras convocatorias de organismos públicos, administracións ou entidades para o mesmo concepto, agás circunstancias de especial gravidade valoradas pola traballadora social da unidade de traballo social correspondente.
- Convivir co alumnado para o que se solicita as axudas.
- Contar con praza adxudicada no servizo, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos establecidos. Non se terán en conta as solicitudes que se reciban fora de prazo, salvo os casos recollidos no artigo 12.
- Que o alumnado para os que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ubicados no Concello de Redondela, no segundo ciclo de Educación Infantil ou no ciclo de Educación Primaria.
- Asistencia efectiva ao servizo de comedor escolar tódolos días da semana con independencia da porcentaxe da axuda concedida.
- Que a renda mensual da unidade familiar non exceda 125% do IPREM (532,51 € para o exercicio 2012), para un so membro. Incrementándose esta contía nun 25% por cada novo membro da unidade de convivencia.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o destinatario da bolsa será o pai ou a nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza.

Nos supostos de acollemento ou adopción, o destinatario da bolsa será o que estableza a resolución xudicial.

En ningún caso poderán ser destinatario da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública ou persoa xurídica privada.

#### ARTIGO 7.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A solicitude deberá presentarse debidamente cumprimentada e asinada pola persoa solicitante no impreso oficial que figura no Anexo I das presentes bases e xuntar con ela a documentación debida.

As fotocopias deberán presentarse co documento orixinal para a súa compulsa.

a) Documentación que deberá acompañar a solicitude:

1. Fotocopia do DNI ou NIE de tódolos membros da unidade familiar.
2. Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador, onde se especifique o importe das pensións no seu caso. No seu defecto, a denuncia por incumprimento.
3. Fotocopia da última declaración da Renda, ou no caso de non ter obriga de presentala, certificado negativo da administración de Facenda cos datos fiscais de tódalas persoas que convivan maiores de 18 anos.

4. Xustificantes económicos de tódolos/as membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos e referidos ao período de finalización de presentación de solicitudes: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións e prestacións públicas, certificados de vida laboral, certificados do INEM das prestacións e axudas percibidas, etc.
5. Fotocopia da tarxeta do paro en caso de desemprego de tódolos membros de convivencia maiores de 16 anos.
6. Declaración xurada de ingresos irregulares no modelo que se achega xunto ao modelo de solicitude.
7. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18.11.2003), (modelo Anexo III).
8. Declaración xurada de non ter solicitado nin percibido ningunha axuda que cubra os mesmos conceptos para os que se solicita a subvención.
9. Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias (facenda estatal ou autonómica) e coa Seguridade Social. (Anexo IV)

A Coordinadora do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Redondela poderá esixir calquera outra documentación que considere precisa para valorar a situación socio económica dos solicitantes. No caso de que algunha documentación requirida no poida presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada ou prometida.

Toda solicitude na que se observe a falla de documentación necesaria para a súa valoración, será requirida por escrito ao interesado/a para que, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da comunicación, presente a documentación solicitada ou corrixa as deficiencias indicándoselle que, de non presentala, se lle terá por desistida a súa solicitude, previa Resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 71.1. da Lei 30/92 de 26 de novembro modificada pola Lei 4/1999.

- b) Documentación solicitada de oficio polo Departamento de Servizos Sociais ao Concello e outras entidades:
- Informe ó centro escolar de matrícula efectiva do alumno.
  - Informe á dirección do centro escolar dos días lectivos por trimestre.
  - Informe ó ANPA de ter praza no comedor escolar.
  - Informe ó ANPA do custo de menú.
  - Informe ó ANPA da asistencia real o comedor reflectida por trimestre
  - Certificado de existencia de débedas co Concello dos membros da unidade familiar e de convivencia.
  - Certificado de empadramento e convivencia con indicación do tempo de residencia no municipio de Redondela.
  - Certificación da existencia ou non de débedas co Concello de Redondela.

#### ARTIGO 8.—CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar e de convivencia, que sumadas conformarán a puntuación final.

##### 1. SITUACIÓN ECONÓMICA: SUPÓN UNHA AVALIACIÓN DOS INGRESOS NETOS DE UNIDADE FAMILIAR, TENDO EN CONTA A RENDA PER CÁPITA. (MÁX. 5 PUNTOS)

- Rendos per cápita igual ou superiores ao 125 % do IPREM: 0 puntos
- Rendos per cápita entre o 125 % e 80 % do IPREM: 1 punto
- Rendos per cápita entre o 79% e o 50 % do IPREM: 2 puntos
- Rendos per cápita entre o 49 % e 30% do IPREM: 3 puntos



- Rendas per cápita entre o 29 % e o 20 % do IPREM: 4 puntos
- Rendas per cápita inferiores ao 20 % do IPREM: 5 puntos

Para o cálculo desta puntuación computaranse os ingresos económicos da última declaración do IRPF. Si a situación económica do peticionario se modificara substancialmente respecto á última declaración e quixera que se tivera en conta para a súa valoración, deberá acreditarlo coa entrega dos ingresos económicos dos tres meses anteriores á apertura do prazo de presentación das solicitudes. O órgano de instrución poderá solicitarlle que xustifique con maior documentación esta situación.

- \* Nota: No exercicio 2012 o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) ascende a 532,51 €.

Enténdese por renda per cápita a suma de todos os ingresos percibidos pola unidade familiar durante os 6 meses anteriores á data de apertura do prazo de presentación de solicitudes dividida entre o número de membros que a integran.

## 2. SITUACIÓN DE RISCO E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (MÁX. 5 PUNTOS)

Cando o/s menor/es se atope en situación de risco ou desprotección social, un máximo de 5 puntos. A situación será avaliada polo persoal técnico de Servizos Sociais, correspondendo ás seguintes valoracións:

- Situacións de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores/ representantes legais ou disfuncionalidade na dinámica familiar: 0,50 puntos
- Dificultades de atención ao menor por parte da súa familia, orixinada pola ausencia de hábitos e coidados adecuados ou a existencia de antecedentes de risco, con informe emitido pola educadora social: 0,50 puntos
- Dificultades de atención ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas dos seus coidadores (alcohol, drogas, discapacidade, etc.): 0,50 puntos
- Problemas específicos do menor ou conductuais, con informe favorable da educadora social, (rexeitamento social, fracaso escolar, absentismo, conflito na escola, etc.): 0,50 puntos
- Situacións de violencia doméstica/familiar que repercuta nos menores e que aconselle a asistencia o comedor escolar: 0,50 puntos
- Menores que habitan en vivendas con características de infravivenda, chabolismo ou amoreamento: 0,50 puntos
- Outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores e detectadas polas profesionais de Servizos Sociais con informe das traballadoras sociais das uts: 2 puntos

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables, ata un máximo de 5 puntos.

## 3. FAMILIAS EN PROCESO DE INTERVENCIÓN SOCIAL (MÁX. 2 PUNTOS)

- Familias incluídas no Programa de Educación Familiar: 2 puntos
- Familias que algún dos seus membros son usuarios dos Programas de Inclusión Social con evolución favorable: 2 puntos

A puntuación total que se obterá despois de valorar as solicitudes será a resultante de sumar as puntuacións obtidas en cada un dos baremos dos criterios de valoración 1, 2 e 3.

Segundo a puntuación total acadada outorgarase o importe total ou parcial das bolsas de comedor. Concederanse o 50%, 75% ou 100% do custo total segundo o seguinte baremo:

Entre 9 e 12 puntos.....	100%
Entre 8 e 5 puntos.....	75%
Entre 1 e 4 puntos .....	50%

O importe total das subvencións concedidas non poderán superar a contía máxima establecida nas bases, tendo en conta o establecido no artigo 12 destas bases.

No caso de que o importe acumulado solicitado polos beneficiarios supere o crédito orzamentario, outorgaráselle a subvención ás solicitudes que contén coa puntuación mais alta e así sucesivamente ata o momento no que o crédito non chegue para cubrir as peticións que tiveran unha mesma puntuación. Nese caso, procederíase a prorratear o crédito orzamentario sobranste entre ditas peticións. No caso de que a contía resultante sexa moi pequena, o órgano competente para resolver podería decidir outorgar a subvención ata a puntuación anterior.

#### *ARTIGO 9.—COMISIÓN TÉCNICA DE VALORACIÓN*

Avaliadas as solicitudes pola instructora, xunto co informe social que emitirán as traballadoras sociais das UTS, segundo os criterios, formas e prioridades establecidos nestas bases elevará a unha comisión de valoración elevará as mesmas a unha comisión de valoración que recollerá en acta a proposta de concesión da subvención.

A Comisión de Valoración estará composta por:

- Presidenta: a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Teresa París Blanco
- Vogal: Ermindia Quenlle Fernández
- Vogal: Cándido Vilaboa Fernández
- Dous funcionarios/as: Purificación Hermelo Iglesias e Patricia Carrera Soto
- Actuará como secretaria con voz pero sen voto dona Purificación Hermelo Iglesias

A Coordinadora do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Redondela, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará proposta de Resolución provisional que elevará ao Sr. Alcalde ou no seu caso á Sra. Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Muller e Ensino para que resolva a concesión das axudas.

No caso de que a comisión de avaliación ou o instructor usaran datos diferentes dos aportados polos interesados, abrirase un prazo de dez días a todos os interesados para que poidan facer alegacións, se así o estiman oportuno. Tras examinar as alegacións presentadas polos interesados de ser o caso, o órgano instructor formulará proposta de resolución final.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a esta base a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva debendo expresar o solicitante para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualala. Xunto coa proposta, o instructor emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con tódolos requisitos necesarios para acceder ás mesmas

#### *ARTIGO 10.—CONCESIÓN E RESOLUCIÓN DAS AXUDAS*

A concesión das axudas estará sempre supeditada á existencia de consignación orzamentaria, por tanto poderanse desestimar por este motivo as peticións que cumpran inicialmente todos os requisitos pero que non se consideren prioritarias.

##### *A) RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES*

A aprobación da proposta de resolución por parte do Sr. Alcalde do Concello de Redondela ou no seu caso pola Sr. Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Muller, Igualdade e Ensino, en canto resolve o procedemento de concesión da subvención, é definitiva na vía administrativa, será motivada debendo quedar acreditados no procedemento os fundamentos e deberá conter a persoa solicitante ou a relación de solicitantes aos que se lles concede a axuda, constando de forma expresa a desestimación do resto de solicitudes. Contra a Resolución ou a desestimación presunta por silencio administrativo poderase interpor recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación desta o dende o transcurso do prazo establecido para resolver, e, no seu caso, recurso contencioso – administrativo no prazo de 2 meses

dende a publicación o dende o transcurso do prazo establecido para resolver, sen perxuízo daqueles outros que estime a persoa que recorra.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O acordo do Sr. Alcalde ou da Sra. Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Muller, Igualdade e Ensino resolvendo o procedemento, notificarase con carácter individual aos beneficiarios e darase conta ao ANPA responsable do comedor escolar. Se no prazo de dez días o beneficiario non manifesta o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións.

#### B) OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os/as beneficiarios/as das axudas ou no seu caso os seus representantes legais estarán obrigados a:

- a) Utilizar o servizo de comedor tódolos o días, agás causas xustificadas.
- b) Comunicarlle ó Departamento de Servizos Sociais do Concello as baixas.
- c) O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo ou estatutos da ANPA para o servizo de comedor no que está matriculado/a o/a alumno/a. Se se adoptase a medida de expulsión do servizo de comedor por órgano competente, a axuda suspenderase polo tempo que esta sexa efectiva.
- d) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade ou concorrente, así coma nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- e) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
- f) Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
- g) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- h) Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
- i) Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen perxuízo do establecido na disposición adicional decimoitava da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- j) Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- k) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- l) Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.
- m) Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.
- n) As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.



*C) PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS*

Realizarase de conformidade co disposto no artigo 18.3 d) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que non se dará acceso aos expedientes das axudas individuais que se conceden ao abeiro das presentes bases, por tratarse de datos relacionado coa infancia.

*D) PRAZO PARA RESOLVER E EFECTOS DO SILENCIO*

O prazo máximo para resolver e comunicar a resolución do procedemento non poderá exceder máis de 3 meses dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

O transcurso do prazo máximo sen que se produza a resolución do procedemento producirá o efecto desestimatorio por silencio administrativo da solicitude de axuda, sen eximir a administración da obriga de resolver.

*ARTIGO 11.—CONTÍA, PAGAMENTO DAS AXUDAS E XUSTIFICACIÓN*

O custe da praza de comedor será comunicado por escrito polas ANPAS dos centros educativos correspondentes ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Redondela.

Os custes serán xustificados mediante recibos no curso escolar 2011/2012 da ANPA (ou entidade responsable) acreditativos do uso do servizo no que se informe dos días de asistencia de cada beneficiario/a por meses vencidos e do importe do custe total por cada usuario, ou outros documentos admitidos no tráfico mercantil de acordo coas lexislación prevista.

A contía das axudas municipais escolares de comedor aboarase á conta bancaria da ANPA (ou entidade responsable) do centro educativo no que estea matriculado o/a alumno/a, previa presentación da súa correspondente factura debidamente cumprimentada. Para este caso cubrirase o Anexo VI.

O Concello informará a ANPA ou entidade responsable do servizo sobre as resolucións das axudas concedidas, e o importe da subvención será ingresado conxuntamente na conta da ANPA ou da entidade responsable do servizo que esta lle facilitará ao Concello de Redondela.

O traslado de centro docente ao longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro sexa centro público, situado no municipio de Redondela, exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado aos Servizos Sociais .

*ARTIGO 12.—MODALIDADE EXCEPCIONAL*

Co fin de dar protección as situacións de carencia ou excepcionais do alumnado que se puideran presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada ante a Comisión de Valoración, sempre e cando cumplan os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, xustifiquen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria. A tal efecto reservarase unha porcentaxe non inferior ao 5 % da dotación orzamentaria.

*ARTIGO 13.—REVOCACIÓN , RÉXIME SANCIONADOR E INFRACCIONS*

A falsidade ou ocultación de datos ou documentos achegados pola persoa beneficiaria da axuda, así como no realizar o uso do comedor escolar tendo concedida a axuda, implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período dun ano.

- No caso de axudas para comedor cando o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Redondela teña coñecemento da ausencia a este servizo sen causa xustificada, por un período continuado de catro días ou cinco alternos nun mes, poderá sancionarse procedendo á suspensión temporal ou definitiva no curso escolar. A suspensión comezará sempre o primeiro día do mes e de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado pola Comisión Técnica de Valoración.
- Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



En todo caso, estas bases quedan en materia de infraccións e sancións ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**ARTIGO 14. – VIXENCIA DAS BASES**

Estas bases teñen carácter indefinido ata a súa modificación expresa entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**ARTIGO 15. – LEXISLACIÓN APLICABLE**

Estas bases e as subvencións que se concedan de acordo coas mesmas, efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

1. – Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
2. – Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
3. – Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
4. – Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. – Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,
6. – Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
7. – Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
8. – Demais normativa aplicable.

**ARTIGO 16. – INSPECCIÓN E CONTROL**

O Concello de Redondela a través da Intervención Municipal poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas. Así mesmo, será de aplicación o Título III da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Nota: Os modelos de instancias, solicitudes e anexos a que se refire este anuncio poderán descargarse da páxina web do Concello ou recolle-los no departamento de Servizos Sociais do Concello de Redondela.

Redondela, a 10 de setembro de 2012. – O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

**2012009953**

\* \* \*

**SALVATERRA DE MIÑO****A N U N C I O**

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, celebrada o día catro de outubro de dous mil doce, iniciouse o expediente de contratación seguinte:

**1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

- a) Organismo: Concello de Salvaterra de Miño
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

**2. OBXECTO DO CONTRATO**

- a) Tipo de contrato: Administrativo especial.
- b) Descrición do obxecto: Explotación do bar-cafetería das Instalacións Deportivas Casal